

# UNIDADE DIDÁCTICA

HOMENAXE A CARVALHO CALERO  
(LETRAS GALEGAS 2020)

# As pitas baixo a choiva



ILUSTRACIÓN : ALBERTO TOVAL



ee edicions embora  
[www.edicionsembora.es](http://www.edicionsembora.es)

**Unha vida non colle nas viñetas para a que foron creadas. Pero vouno intentar:**

Lendo é como máis se aprende e comprendín que o galego e o portugués son moi parecidos. Tamén descubrín que teñen a mesma orixe. Quixen que ti soubeses isto.

Fixenme vello, pero non me cansaba de investigar e os premios non paraban de chegar. Nomeáronme fillo predilecto de Ferrol.

Anos despois, dirixín o Colexio Fingoi en Lugo e, cando puiden, fun profesor nun instituto de Compostela. Máis tarde, dicían que sabía moito, quixéronme na Universidade para ensinar a nosa lingua.

Neses anos o galego non estaba moi estudado e chamábanme de todas partes para saber máis del. Fun o primeiro catedrático da nosa lingua e escribín as regras para que vós a poidades aprender na escola. Traballei moitísimo. Dei conferencias por Europa e América. Escribín moitos libros e até entrei na Real Academia Galega, aínda que renunciei.

Chámome Ricardo Carvalho Calero. As biografías contan que nacín en Ferrol aló polo 1910. Non menten. Crieime en Ferrol Vello, a zona máis antiga da cidade. Por desgraza, miña nai morreu cando eu era pequeno. Medrei co meu pai e os meus irmáns.

Dende moi pequeno andaba sempre entre libros, cines e teatros. Con quince anos escribía poemas e aos dezaseis empecei unha carreira. Comecei traballando no concello de Ferrol e rematei con dúas carreiras e un doutoramento.

Nos anos trinta participei na fundación do Partido Galeguista con Castelao e outros amigos e comezamos a elaborar o Estatuto de Autonomía de Galiza. Con todo, tiven tempo de casar con María Ignacia, coa que tiven dúas fillas: Margarida e Victoria.
















No 1936, estando examinándome en Madrid, comezou a Guerra. Uníme ao exército para protexer a democracia, a República e o noso autogoberno. Loitei en defensa da miña liberdade e tamén da túa. Por culpa diso condenáronme a doce anos e un día de prisión, pero por bo comportamento estiven dous anos no cárcere en Jaén, onde pasei medo e calor.




As pitas baixo a choiva é un relato breve que narra un feito anecdótico da infancia do autor. O neno descobre, desde a fiestra da casa, que as pitas estanse a mollar e téntaas facer entrar no galiñeiro. Elas asústanse e, ao final, todos os membros da familia acaban mollados como pitos.



### RESPONDE ORALMENTE:

-  **Que personaxes interveñen no conto ?**
-  **Onde pasaba o verán o neno?**
-  **De que se alimentaban as galiñas?**
-  **Como procuraban o alimento?**
-  **Que miraba o neno dende a xanela?**
-  **Que fixo cando empezou a chover?**
-  **Que día da semana o visitaba o pai ?**
-  **Que quere dicir: ...“Tiñamos unha cabuxa ... que ía atrás de nós, como un cadelino...?”**
-  **Onde pasaba moito tempo o neno ?**
-  **En que cavilaba o neno ?**
-  **Como lle axudaron os seus familiares?**
-  **Que lle pasou á avoa?**
-  **Como remataron todos?**
-  **Quen escribiu este relato?**
-  **Que sabes do autor?**

 Realiza un debuxo co tema do conto





“Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban ... Eran unhas aves ergueitas, lanzás, maxestosas. Cristas bermellas...feros peteiros, ollos acesos, colo tornasolado...podentes azas, esporas douradas; e a cola un chafarís de lumes e de sombras con aquelas longas prumas , corvas como caxatos, como bágoos de pegureiros de bispos orientás”




 **Anota de forma ordenada as características dos galos que describe o protagonista:**

1, Aves erqueitas, lanzás, maxestosas

2,

3.

4.

 **Describe este “bispo oriental”.**

### DESCRIPCIÓN:

DESCRIBIR É CONTAR DE FORMA ORDENADA E DETALLADA COMO É UNHA PERSOA, UN ANIMAL, UN LUGAR, UN OBYECTO...




---



---



---



---



---




---




---



 **Escrebe o nome das partes sinaladas no galo**




 **Une unha frecha os debuxos cos cadros das estacións á que pertencen (usa unha cor distinta para cada estación). Logo remata de colorealos.**







### O CICLO DA AUGA

 Pon o nome de cada fase do ciclo en cada frecha. Colorea o debuxo






 **Mete nunha maleta das emocións algún feito do conto que rexeites, e na outra, algún feito que che agrade**







 **Debuxa a carón de cada imaxe do conto, a emoción que lle causa ao neno**



 Axúdalle á galiña a atopar o seu pitiño





ee ediciones embora  
[www.edicionsembora.es](http://www.edicionsembora.es)